



INFORME AMBIENTAL ESTRATÉGICO RELATIVO AO PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR DO ÁMBITO SUNC-413 ÁLVAREZ-RAMÓN NIETO, NO CONCELLO DE VIGO

Promotor: Residencial El Rocío, S.L. e Inversiones Subel, S.L.

Órgano substantivo: Concello de Vigo

Expediente: 2025AAE3062

ANTECEDENTES

- 1 O Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) vixente no concello de Vigo aprobouse definitivamente o 26.5.2025 (DOG núm.123 do 30.6.2025), tras ser sometido ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica.
- 2 O 23.12.2025 recibimos na Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade un escrito do Concello de Vigo no que solicitaba iniciar a avaliación ambiental estratéxica simplificada do "Plan especial de reforma interior do ámbito SUNC-413 Álvarez-Ramón Nieto" (en diante, plan ou PERI), segundo o previsto no artigo 29 da Lei 21/2013, do 9 de novembro, de avaliación ambiental. Xunto coa solicitude de inicio o Concello achegaba un documento ambiental estratéxico, un borrador do planeamento, un informe da xefa da Área de Desenvolvemento Urbanístico e informes ás empresas subministradoras e distribuidoras sobre a suficiencia das infraestruturas e dos servizos existentes e previstos.
- 3 O 30.12.2025 iniciamos un período de consultas previo á formulación do informe ambiental estratéxico, facendo públicos no portal web os documentos recibidos e consultando ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas por un prazo de trinta (30) días hábiles.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- 1 A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e o Regulamento que a desenvolve (RLSG), aprobado mediante Decreto 143/2016 do 22 de setembro, integran no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o procedemento de avaliación ambiental estratéxica regulado na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
- 2 Segundo o artigo 46.2.b da LSG, debe ser obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada o planeamento de desenvolvemento urbanístico, por establecer o uso, a nivel municipal, de zonas de reducida extensión.
- 3 A avaliación ambiental estratéxica simplificada conclúe cun informe ambiental estratéxico, que ten a natureza de informe preceptivo e determinante (artigo 5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental). Neste informe o





órgano ambiental determinará se o plan pode ter ou non efectos significativos no medio (artigo 75.3 da LSG). No caso de non prever efectos significativos, o plan poderá aprobarse nos termos que o propio informe estableza. No caso de prever efectos ambientais significativos, someterase a unha avaliación ambiental estratéxica ordinaria.

- 4 Antes de emitir o informe ambiental estratéxico, o órgano ambiental deberá consultar ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas (artigo 75.3 da LSG), que se pronunciarán no prazo de trinta días hábiles (artigo 35.3 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia).

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, ao amparo do Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Obxecto do plan e ámbito de actuación

Obxecto: establecer a ordenación detallada do polígono de solo urbano non consolidado SUNC-413 previsto no PXOM.

Ámbito de actuación: terreos situados na área leste do termo municipal na zona de Barreiro (parroquia de Santa Cristina de Lavadores), correspondentes co espazo que ocupaba un complexo industrial do grupo de empresas Álvarez. O ámbito linda no perímetro norte e leste con solo urbano consolidado, mentres que ao oeste e sur o fai con solo rústico de protección de augas asociado ao curso do río Lagares.



Situación do ámbito do PERI





Superficie do ámbito: 106.402 m², dos que 32.668 m² se corresponden co sistema xeral de espazos libres incluídos para o Parque do Lagares-Álvarez (SX EL PAR 629). A ficha do PXOM tamén adscribe ao desenvolvemento 7.900 m² de sistema xeral de zonas verdes exteriores que forman parte do Paseo-Parque lineal do Lagares (SX EL PAR 033.4/5).

2. Características ambientais da área probablemente afectada

O ámbito queda emprazado na zona oriental da cidade, concretamente na zona de Barreiro, ocupando o baleiro urbano que conforman as antigas instalacións do complexo industrial da factoría cerámica de Santa Clara da empresa Álvarez.

Os terreos presentan unha topografía con lixeira pendente descendente en sentido surdés-noroeste. A maior parte están transformados e acollen algunhas edificacións en estado de ruína e outras parcialmente destruídas do antigo complexo fabril. As áreas desocupadas atópanse colonizadas por mato e vexetación herbácea, existindo tamén algúns exemplares arbóreos dispersos. Ao longo do perímetro oeste existen pequenas masas arboradas que constitúen parte da vexetación de ribeira do curso do río Lagares, o cal discorre lindeiro ao ámbito polo perímetro oeste.

Segundo o Catálogo das Paisaxes de Galicia¹, o ámbito queda emprazado na comarca paisaxística de Vigo Litoral, formando parte da grande área paisaxística das Rías Baixas.

Tal como se recolle na ficha do PERI foi detectada a presenza exemplares de especies exóticas invasoras no ámbito como a herba da pampa (*Cortaderia selloana*) ou canas (*Arundo donax*). Ademais, no DAE se sinala que foron identificados exemplares de robinias (*Robinia pseudoacacia*) en zonas do sur e nos taludes do sueste, así como de herba carmín (*Phytolacca americana*).

No interior do ámbito localízanse elementos catalogados pertencentes ao patrimonio industrial correspondentes co antigo conxunto da fábrica de porcelana de Santa Clara (IF.14.001). A ficha do Catálogo do PXOM contempla un nivel de protección estrutural para o conxunto, se ben recolle que o plan especial deberá pormenorizar a catalogación dos diferentes elementos.

O organismo de bacía identificou como área de risco potencial significativo de inundación (ARPSI) o curso do río Lagares (ES014-PO-01-02-07-01 "Río Lagares-Vigo"), quedando pequenas partes do perímetro oeste dentro da zona inundable (T500) e de fluxo preferente delimitadas².

No referente á comunicación viaria o ámbito é lindeiro polo seu perímetro norte e leste á avenida de Ramón Nieto, vía urbana que representa o principal acceso da zona ao centro da cidade. Ademais polo sur tamén é lindeiro á rúa Manuel Álvarez a

1 Decreto 119/2016, do 28 de xullo polo que se aproba o Catálogo das Paisaxes de Galicia.

2 Sistema nacional de cartografía de zonas inundables (<https://sig.mapama.gob.es/snczi/index.html?herramienta=DPHZI>).






cal remata na estrada vella de Madrid dende a que se pode enlazar coa autovía A-55 (Vigo-Fronteira portuguesa). Actualmente no extremo sueste do ámbito existe unha área de aparcamento municipal.

O ámbito do PERI dispón de acceso inmediato ás redes municipais de abastecemento que discorren polas lindeiras avenida de Ramón Nieto (ao norte) e a rúa Manuel Álvarez (ao sueste). A uns 500 metros localízase o depósito de Cabral 2 e o seu bombeo. Polas citadas vías urbanas tamén existen redes de saneamento discorrendo o colector principal polo perímetro noroeste, o cal entronca máis ao oeste co vai en paralelo ao curso do río Lagares.

3. Proposta de plan

Análise de alternativas: o documento ambiental estratéxico valorou dúas alternativas de ordenación para o PERI. As alternativas son moi semellantes, diferindo fundamentalmente na distribución e emprazamento das vivendas de protección así como nas edificacións destinadas a dotacións de equipamento.

Ambas alternativas ordenan na metade norte tres quinteiros de vivenda libre a carón da avenida de Ramón Nieto, no sur unha área terciaria comercial e reservan unha ampla franxa de zonas verdes ao leste. No entanto a alternativa "1" concentra a vivenda de protección pública nun cuarto quarteiro na metade sur mentres que a alternativa "2" a distribúe en dous con bloques diferenciados entorno a edificacións patrimoniais da antiga factoría. Outra diferenza son as reservas destinadas a dotación de equipamento, xa que mentres que a alternativa "1" destina dúas edificacións, un correspondente co edificio administrativo orixinal do conxunto fabril (co da súa ampliación) e outro coas ruínas da nave orixinal da factoría, a alternativa "2" unicamente incorpora a primeira das citadas edificacións.



Alternativa "1"



Alternativa "2"

O borrador opta por desenvolver a alternativa "2" por considerar máis axeitado optar configuración dunha praza diáfana que integre as pezas de vivenda protexida






nunha composición vinculada ás edificacións preexistentes coa finalidade de reforzar a relación co tecido urbano existente e contribuír á evocación da memoria da antiga factoría de Álvarez.

Resumo da proposta:

A ordenación proposta no borrador distribúe o aproveitamento en seis quinteiros, cinco destinados a usos residenciais e un a usos terciarios comerciais.

Os tres quinteiros residenciais localizados na metade norte acollerán a vivenda libre (M1, M2 e M3), estando constituídos por catro edificacións estruturadas en forma de "L" conformando prazas no seu interior. Os dous de vivenda protexida (M4 e M5) sitúanse en continuidade aos de vivenda libre ao sueste, entorno a pezas do conxunto fabril catalogadas (edificio administrativo principal de Santa Clara coa súa ampliación posterior e a cheminea do forno) que a proposta prevé rehabilitar e incorporar como dotacións de equipamento público. A altura máxima das edificacións residenciais prevista é de 5 e 7 plantas proxectándose que o PERI poderá acoller un máximo de 950 vivendas.

O quintero de usos terciarios (M6) remata a ordenación na zona zona sueste permitindo acoller áreas comerciais en edificación illada, pareada ou encostada, cunha altura máxima de 18 metros e tres plantas (PB+2).



Ordenación detallada proposta no borrador (extracto do plano PORD_01USOS_01)





A área destinada a sistema xeral de espazos libres (SX-EL-PAR-629) cubre os terreos do perímetro sur e oeste na zona de contacto co curso do río Lagares, propoñéndose manter e restaurar as características naturais de canle e ribeiras.

A ordenación proxecta un viario principal en paralelo á avenida de Ramón Nieto para dar acceso ás áreas residenciais, propoñéndose nos seus extremos enlaces coa avenida. Ademais propónse un viario ao noroeste, en continuidade ao previsto no PXOM desde a rúa Coutada Nova, como acceso ao sistema xeral PAR-629.

Nos viarios perimetrais da proposta se concentran as 361 prazas de aparcamento público previstas, a maior parte localizadas no viario principal paralelo á avenida de Ramón Nieto.

A proposta do borrador conserva a cheminea da factoría, elimina elementos do conxunto que se atopan en estado de ruína. Asigna un nivel de protección estrutural ao edificio principal de oficinas e ao resto de elementos (ampliación do edificio de oficinas, edificio fabril con cuberta a dúas augas, cheminea e a nave abovedada) un nivel de protección ambiental. A área que ocupaba a nave de cubertas abovedadas situada ao oeste pasa a formar parte da zona verde vinculada ao Lagares.

4. Consultas previas

Realizamos as seguintes consultas previas á formulación deste informe ambiental:

<i>Administracións públicas afectadas</i>	<i>Resposta</i>	<i>Sen resposta</i>
Instituto de Estudos do Territorio	x	
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	x	

Asemade, o borrador do plan e o documento ambiental estratéxico estiveron publicados no portal web desta Consellería para que o público puidese consultalos e facer observacións ou suxestións de carácter ambiental. Non se recibiron alegacións por parte de particulares.

O promotor deberá considerar na elaboración do plan a totalidade das observacións e suxestións recibidas, para o cal se lle remiten os textos íntegros dos informes formulados na fase de consultas previas. Non obstante, resúmense a continuación as principais cuestións que poden ter incidencia na avaliación ambiental do planeamento.

Instituto de Estudos do Territorio (IET)

Na medida en que a proposta de ordenación parte da premisa da recuperación e integración dos valores paisaxísticos e patrimoniais, cunha solución que garante a harmonización das novas edificacións previstas cos elementos preexistentes e que resolve os impactos paisaxísticos actuais provocados polas edificacións en ruína, o PERI implicará melloras notables para a paisaxe urbana.





As medidas preventivas e correctoras propostas nos estudos da paisaxe e da paisaxe urbana, deben completarse para mellorar a integración paisaxística da actuación.

O PERI pode provocar as incidencias paisaxísticas propias dun novo desenvolvemento urbanístico, se ben ese impacto non será significativo, e incluso mellorará a imaxe urbana.

De acordo co artigo 35 e 36.1 do RLPPG, o plan incorpora un estudo da paisaxe e un estudo da paisaxe urbana, ambos proporcionados e específicos ao lugar e ás funcións do plan, e co contido que regulan o artigos citado.

En todo caso, as medidas propostas reguladas no apartado 3.5 do estudo de paisaxe urbana deberán quedar contidas na normativa específica do plan especial e completarse.

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

O catálogo do PERI deberá incluír fichas de cada un dos elementos do conxunto da fábrica que conteñan toda a información esixida pola normativa vixente (art. 196 e 197 do RLSG).

Con carácter previo á elaboración do plan realizarase unha prospección e estudo do ámbito co obxecto de identificar e concretar as estruturas que se deben preservar e integrar na ordenación. O estudo histórico e construtivo da edificación fabril identificará a evolución da arquitectura industrial, os usos de cada un dos edificios e as estruturas fabrís propias da súa función da industrial, facendo especial referencia ao estado actual dos fornos cerámicos. Os resultados da prospección e o estudo deberán determinar que estruturas se deben manter e cales poden desaparecer en función do seu valor patrimonial e estado de conservación, tendo sempre en consideración que o que se manteña exprese e sexa representativo da importancia e significado da fábrica.

Na prospección arqueolóxica, pendente de realizar, deberase poñer especial atención no estudo e posible localización dos restos do forno orixinal que se conservan, os cales deberán conservarse e integrarse de forma adecuada no conxunto edificado ou na zona verde vinculada ao río Lagares. A documentación da prospección deberá incorporarse nas seguintes fases de redacción do documento.

A cheminea deberá de ter un nivel de protección estrutural e estar vinculada aos restos do forno orixinal do que forma parte. A idea de manter a cheminea como un elemento illado, descontextualizado e sen referencias á súa orixe resta valor e non contribúe ao mantemento tanto do patrimonio cultural construído como da memoria histórica da fábrica.

A falta da información que se vaia a aportar nas seguintes fases de tramitación, unha análise prematura da proposta de ordenación permite concluír que semella adecuada ou, cando menos, ben orientada.





5. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

O plan non establece un marco para a futura autorización de proxectos, máis alá dos necesarios para realizar obras e implantar usos autorizados no ámbito de actuación. Tampouco inflúe noutros plans ou programas de carácter ambiental.

O PERI promove a transformación urbanística dun baleiro urbano de considerable extensión territorial (10,64 ha) permitindo o completado do tramado da cidade nunha área moi antropizada. Ademais, a proposta do borrador establece a ordenación detallada dun polígono de solo urbano non consolidado previsto no PXOM de recente aprobación. En consecuencia, non se agardan efectos significativos no referente á ocupación do solo.

O PERI vai a provocar as incidencias paisaxísticas propias dun novo desenvolvemento urbanístico, se ben non se prevé que os efectos que se podan producir vaian a ter un carácter significativo. Para mellorar a integración paisaxística das actuacións previstas e na liña do sinalado polo IET no seu informe, a normativa do PERI deberá conter as disposicións ás que se refire a directriz de paisaxe DX.10.b10 e para o deseño dos elementos definidores dos espazos exteriores (pavimentos, peches, mobiliario, aparcadoiro, alumeado, plantacións, etc.) recoméndase consultar os criterios que se recollen na *Guía de boas prácticas en intervencións en espazos públicos*, *Guía de boas prácticas para a integración paisaxística das áreas empresariais*, *Guía de boas prácticas nos carteis publicitarios* e a *Guía de boas prácticas para a integración paisaxística dos sistemas de conterización de residuos urbanos*. En todo caso, con carácter xeral os efectos do desenvolvemento serán positivos na medida en que a proposta favorecerá a mellora da paisaxe urbana dunha área moi degradada e promove a recuperación de bens da arquitectura industrial existentes no ámbito

Nin no ámbito nin na súa contorna inmediata existen espazos naturais protexidos nou de interese que podan verse afectados polas actuacións proxectadas no PERI. Ao respecto, valóranse positivamente as medidas descritas no apartado 14.5 Protección da Vexetación do DAE, fundamentalmente no referido á conservación dos exemplares arbóreos existentes no sistema xeral de zonas verdes ou ás medidas previstas para a erradicación de especies invasoras a incluír no Plan de integración Paisaxística e Axardinado.

A ordenación prevista no borrador semella adecuada no referido á protección do patrimonio cultural, incluíndo propostas como a restauración do antigo edificio de oficinas para a destinalo a dotación pública ou a integración da cheminea do conxunto fabril nun espazo público. Por outra banda, o Catálogo inclúe unha análise dos elementos patrimoniais do conxunto identificados no ámbito que se toma de referencia para outorgar os diferentes niveis de protección (estrutural e ambiental).





No entanto, a proposta non inclúe a prospección preceptiva requirida na ficha do PXOM, que tería por obxecto identificar e concretar as estruturas que se deben preservar e integrar na ordenación.

As áreas que quedan dentro da zona inundable e de fluxo preferente asociadas ao curso do río Lagares quedan integradas plenamente no sistema xeral de espazos libres (SX-EL-PAR-629), propoñéndose no PERI manter e restaurar as características naturais de canle e ribeiras.

A execución do PERI implicará un incremento na demanda dos sistemas de abastecemento de auga, saneamento e depuración. O borrador inclúe unha análise do abastecemento e saneamento³ para cubrir as necesidades derivadas das actuacións propostas. No referente ao abastecemento sinala que as infraestruturas existentes na avenida Ramón Nieto e na rúa Manuel Álvarez teñen capacidade para soportar a demanda estimada, porén non se aportan datos cuantificados ao respecto. En relación ao saneamento fai unha estimación do caudal de augas fecais e pluviais previsto, contemplando o dimensionado e capacidade das redes interiores proxectadas. A documentación achegada non incorpora o preceptivo informe da empresa concesionaria dos servizos municipais (Aqualia) sobre a suficiencia das infraestruturas e dos servizos existentes e previstos (185.2 do RLSG).

O DAE inclúe un *Anexo 2: Estudo de afeccións acústicas* no que foron analizados os efectos provocados polo tráfico asociado á avenida de Ramón Nieto no escenario actual (ano 2025) e futuro (ano 2045)⁴. O citado estudo conclúe que no recinto de ordenación se cumpren os obxectivos de calidade acústica en ambos escenarios e que polo tanto non se contemplan medidas correctoras. No entanto esta afirmación non se corresponde coa análise derivada da información recollida nos últimos mapas estratéxicos de ruído publicados⁵, nos que se pode apreciar que nas zonas máis próximas á avenida dos quinteiros residenciais M1, M2 e M3, se superan os niveis de ruído ambiental admitidos na lexislación vixente⁶. Neste sentido, deben de actualizarse os obxectivos de calidade acústica recollidos na táboa 11 do citado estudo debendo considerar o PERI como unha "nova área urbanizada" por tratarse dun solo xa urbanizado que estará sometido a actuacións de reforma ou renovación da urbanización. Asemade, tamén deben de adaptarse os niveis máximos de emisións identificados na citada táboa aos reflectidos na zona de actuación no Mapa Estratéxico de Ruido do concello de Vigo, fase 4^a (2022).

3 No apartado 02.6.2.2 *Abastecemento* se fai unha estimación de cálculo para a demanda dunhas 1.150 vivendas (950 dos usos residenciais e 200 asimilables aos usos dotacionais e terciarios). A análise conclúe que a suficiencia da rede está garantida, sinalando que o depósito de Cabral 2 e o seu bombeo se atopan a 500 metros. O apartado 02.6.2.1 *Saneamento* sinala que as augas pluviais verterán no novo colector primario de Sistema Xeral e as residuais no colector existente que pasará a ser separativo só de residuais e que se renovará.

4 Para realizar o estudo das emisións acústicas da avenida valoráronse unhas IMD (en día medio laborable) de 4.158 vehículos/día para o escenario do ano 2025 e de 5.534 vehículos/día para o do ano 2045.

5 Mapa Estratéxico de Ruido do concello de Vigo (ano 2022) fase 4^a

6 Segundo o Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas (táboa A do anexo II), nos novos desenvolvementos urbanísticos con uso predominante residencial non se poden superar os 60 dB durante o día e os 50 dB durante a noite.





O desenvolvemento do PERI levará emparellado un aumento dos desprazamentos na zona derivado do tráfico xerado polos novos usos residenciais (estimado nunhas 950 vivendas) e comerciais. Se ben no borrador se sinala⁷ que foi elaborado un estudo de tráfico do ámbito Álvarez-Ramón Nieto, a documentación presentada non contempla o citado documento. En todo caso o ámbito de actuación sitúase nunha área lindeira a vías urbanas de comunicación como avenida de Ramón Nieto e a rúa Manuel Álvarez, que favorecen unha boa accesibilidade ao desenvolvemento.

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

Que a partir da documentación presentada polo promotor e, tendo en conta o resultado das consultas realizadas e os criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, non se prevé que o "Plan especial de reforma interior do ámbito SUNC-413 Álvarez-Ramón Nieto" no concello de Vigo teña efectos ambientais adversos significativos pero deberán atenderse as seguintes condicións:

- 1) A normativa conterá normas específicas que regulen as condicións nas que deberán executarse os espazos libres, en particular en canto ao mantemento do arboredo autóctono de interese (directriz de paisaxe DX.06.s). Para as novas plantacións recoméndase o uso de especies autóctonas (directriz de paisaxe DX.10.b4).
- 2) Con carácter previo á elaboración do PERI realizarase unha prospección arqueolóxica e estudo do ámbito de actuación co obxecto de identificar e concretar as estruturas que se deben preservar e integrar na ordenación.
- 3) O plan deberá incluír unha estimación do caudal preciso para atender ás necesidades da proposta, tendo en conta as dotacións establecidas no apéndice 7 da normativa do plan hidrolóxico vixente (artigo 11.4 da normativa do Plan hidrolóxico Galicia-costa⁸). Ao respecto do saneamento deberá de comprobarse a suficiencia dos sistemas de saneamento e depuración aos que se prevé conectar o PERI para poder satisfacer as demandas calculadas.
- 4) Nas áreas onde se superan os niveis de ruído ambiental admitidos na lexislación vixente (quinteiros residenciais M1, M2 e M3) deberán de preverse medidas destinadas a minimizar as afeccións.
- 5) O plan deberá incorporar un estudo de avaliación da mobilidade no que, entre outros aspectos, se poña en relación o incremento potencial dos desprazamentos previstos coa capacidade de absorción das infraestruturas viarias próximas (avenida de Ramón Nieto e rúa de Manuel Álvarez).

7 Apartados 01.3.3.1 da Memoria informativa e 02.6.1.1 da Memoria xustificativa

8 Orde do 10 de febreiro de 2023 pola que se dispón a publicación da normativa do Plan hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia-costa, aprobado polo Real decreto 48/2023, do 24 de xaneiro (DOG do 20.2.2023).





Tomando como base o estudo, de ser preciso, definiranse as medidas a implantar, debendo primar aquelas que fomenten a mobilidade activa.

Este **informe ambiental estratéxico** remitirase ao promotor e ao órgano substantivo, xunto con **copia dos informes recibidos na fase de consultas previas**, e farase público a través do *Diario Oficial de Galicia* e do portal web desta consellería (<https://medioambiente.xunta.gal/busca-por-palabra-clave>).

Segundo o disposto no artigo 35.2.c) da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, o informe ambiental estratéxico perderá a súa vixencia e cesará na produción dos seus efectos se non se aproba o plan no prazo máximo de seis anos dende a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, agás que se acorde unha prórroga por dous anos adicionais.

Contra o informe ambiental estratéxico non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía xudicial contra o acto de aprobación definitiva do instrumento de planeamento, nos termos previstos na lexislación aplicable (artigo 31.5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, en relación co artigo 84.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Alejandro Carrera López
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental

María José Echevarría Moreno
Directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade

